

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO POLA QUE SE AMPLIA O PRAZO PARA RESOLVER ESTABLECIDO NA ORDE DO 29 DE DECEMBRO POLA QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS E SE CONVOCAN CATRO BOLSAS DE FORMACIÓN DE PERSOAL AUXILIAR EN MATERIA DE INVESTIGACIÓN MARIÑA, TRAMITADO COMO EXPEDIENTE ANTICIPADO DE GASTO (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO PE609B)

ANTECEDENTES

No DOG nº 22 do 31 de xaneiro de 2024 publicouse a Orde do 29 de decembro para á convocatoria de catro bolsas de formación de persoal auxiliar en materia de investigación mariña, tramitado como expediente anticipado de gasto (Código de procedemento PE609B).

Conforme ao estipulado na orde reguladora no artigo 13.7, o prazo máximo establecido para resolver as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria será de tres meses, contados desde a publicación da dita Orde no DOG.

Con data do 14 de abril publicouse no DOG o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

O artigo 3 da Orde do 25 de abril da Consellería de Facenda e Administración Pública pola que se regulan as actuacións orzamentarias e contables necesarias para a adaptación do orzamento á estrutura orgánica establece a aprobación dunha nova codificación orzamentaria para adaptar a situación contable dos expedientes á nova estrutura.

O artigo 7 establece que unha vez concluído o proceso de transformación contable, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma comunicará á consellerías correspondentes a apertura da contabilidade e informará sobre os cambios realizados na codificación dos expedientes e aplicacións.

Estas incidencias de carácter material na contabilidade da Xunta de Galicia non permiten a resolución no prazo establecido no artigo 13.7 da orde do 29 de decembro.

Fundamentos de dereito:

- Artigo 23 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

Contra o acordo que resolva sobre a ampliación de prazos, que deberá ser notificado aos interesados, non caberá ningún recurso.

Segundo o artigo 35 da mesma lei, serán motivados, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito, os acordos de aplicación da tramitación de urxencia, de ampliación de prazos e de realización de actuacións complementarias.

Polo exposto anteriormente,



RESOLVO:

Ampliar o prazo para resolver a Orde do 29 de decembro para á convocatoria de catro bolsas de formación de persoal auxiliar en materia de investigación mariña, tramitado como expediente anticipado de gasto (Código de procedemento PE609B), en 15 días.

Esta resolución será publicada na páxina web da Consellería do Mar, enderezo www.mar.xunta.gal. Esta publicación substituirá á notificación persoal e producirá o mesmos efectos. Contra esta non cabe ningún recurso, de conformidade co artigo 23.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Santiago de Compostela, (asinado dixitalmente)

O Conselleiro do Mar

P.D. Orde do 21.02.2022 (DOG núm. 41 do 01.03.2022)

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Marta Villaverde Acuña

(asinado dixitalmente)

